



Confederación Intersindical Galega

## **Paneles C1 e C2**

No día de hoxe quedou rematada Comisión de Valoración dos Paneles dos Corpos e Escalas pertencentes aos Subgrupos C2 (2020P04) e C1 (2020P03), dando como resultado a adxudicación de 55 prazas en Galicia, das que 33 se corresponden ao panel de auxiliares e 22 ao panel de administrativos.

A dotación inicialmente prevista pola Administración ascendía a 33 prazas, e tras o proceso negociador coas organizacións sindicais, nomeadamente coa **CIG**, e vistas as necesidades de persoal das diferentes Delegacións e Administracións, conseguíuse aumentar até as 55 adxudicacións, incorporando funcionarios, mesmo en destinos tradicionalmente pouco ofertados e de forte demanda como os pertencentes á provincia de Ourense. Neste sentido, é de salientar que na Delegación de Ourense adxudicáronse 10 prazas de auxiliar, e que 31 das 55 prazas adxudicadas, serán ocupadas por funcionarias e funcionarios procedentes de fóra de Galicia.

Solicitada información a Relacións Laborais sobre a **previsión para a incorporación das compañeiras e dos compañeiros aos postos adxudicados**, unicamente informan que dependerá das datas de incorporación dos funcionarios de novo ingreso que marque Función Pública.

### **PREVISIÓNS CONVOCATORIAS PRÓXIMOS PANELES:**

- **Axentes de Vixilancia Aduaneira:** Na primeira quincena de outubro
- **Corpo Superior e Executivo de SVA:** non se convocará antes de xaneiro do 2021 (iremos informando).
- **Corpo Superior Inspectores:** A finais de outubro

A AEAT infórmanos tamén da convocatoria de **concursos** para resolver situacións de provisionalidade que quedaron pendentes tras os últimos paneles previsiblemente o concurso do CTH sexa antes de fin de ano, quedando o resto para máis adiante: Axentes Facenda Pública, etc.